

Ourense entrou onte no grupo de provincias en alerta pola calor, con 36º, pero a predición para mañá apunta a máximas de 24

# OS MERCURIOS GALEGOS CAEN 12 GRAOS EN 2 DÍAS



Dous rapaces móllanse para soportar o calor nunha das fontes da Expo de Zaragoza, cidade onde están en alerta por temperaturas de ata 40 graos

**UNHA BORRASCA DO ATLÁNTICO DEIXARÁ HOXE NA COSTA OESTE CHUVIEIRAS QUE SE REPETIRÁN O XOVES**

**Redacción · Santiago**

Ata agora foise salvando, pero onte Galicia, xa pasou a formar parte do grupo de comunidades en alerta pola calor. A provincia de Ourense estivo onte, segundo a Axencia Estatal de Meteoroloxía (Aemet), en situación de nivel amarelo de risco baixo polas altas temperaturas debido á unha masa de aire africano.

Con todo, a Dirección Xeral de Saúde Pública da Xunta decidiu non activar esta alerta ó considerar que os valores previstos –con máximas de ata 36 graos na capital ourensá e de 35 para Verín e O Barco, segundo

Meteogalicia– non eran o suficientemente elevados.

Pero a situación non se vai manter por moito tempo. De feito, e segundo esas predicións do servizo da consellería de Medio Ambiente, os mercurios galegos sufrirán unha caída en picado, de ata 12 graos, entre hoxe e máis mañá. Así, ante eses 36 que se marcaban onte, martes, o xoves agárdanse máximas que non superarán os 24 graos.

Un enfriamento que vén acompañado, ademais, de auga. A que trae unha borrasca que, chegada desde o Atlántico, entra hoxe na comarca e afectará sobre todo ó litoral da zona oeste de Galicia, onde deixará precipitacións, principalmente na provincia da Coruña.

A situación repetirase mañá, xoves, cando se agarda unha xornada de inestabilidade atmosférica na que os ceos estarán anubrados con posibilidade dalgúnha chuvie-

## Unha volta á normalidade

Zaragoza, Toledo, Cidade Real, Sevil a, Córdoba, Xaén e Granada alcanzaron onte o nivel de alerta laranxa, considerado de risco importante, segundo a Aemet. Todas as comunidades autónomas, salvo parte da cornixa cantábrica, parte de Baleares e Canarias, atopábanse onte en situación de alerta amarela, que se intensificou ainda máis na zona do centro e sur da península, onde se alcanzaron os 40 graos centigrados un día máis. Hoxe volverán á normalidade Ourense, País Vasco, boa parte de Castela e León. Este madura, e as provincias Cádiz, Huelva, Málaga e Cuenca.

ra na metade oeste durante a mañá. Pola tarde irá diminuíndo a nubosidade.

Pola contra, o venres comezaremos a recuperar a influencia das presións, polo que irán desaparecendo as nubes a medida que avance a xornada, aínda que si se agar dan bancos de néboa matinais en comarcas do interior. Ademais, os mercurios experimentarán unha lixeira recuperación, cun leve ascenso das temperaturas máximas, que serán de 28 graos en Ourense e de 26 en Verín e O Barco, así como 24 en Vigo, Monforte e Pontevedra.

Polo que respecta á fin de semana, a probabilidade de chuvias redúcese ata o 10% o sábado e fica nun 30 por cento para o domingo, e, segundo as predicións de Meteogalicia, a semana arrincará cun tempo bastante inestable, con máis nubes que sol e con temperaturas medias por baixo de 24 graos. ●

## CAMPANHA DE PREVENCIÓN

### Non saír ás rúas nas 'horas quentes' e hidratarse

Cruz Vermella Española en Ourense recomendoullas onte aos ourensáns "extremar precaucións" polas altas temperaturas e a onda de calor. Os potenciais afectados por esta subida das temperaturas serán as persoas maiores con enfermidades crónicas, os incapacitados e os nenos. A este respecto, Cruz Vermella recomienda que en horas punta non se debe saír á rúa, ademais de utilizar roupa lixeira, non inxerir alimentos pesados e beber moito líquido pau al' namente. Para

aconsellar a poboación e inculcar hábitos saudables, na actualidade, varios voluntarios de Cruz Vermella realizaron unha campaña chamada 'Coida a túa vida. Protéxete do calor', que comezou o día 1 de xullo e se prolongará ata o 1 de setembro. A técnica encargada da campaña na cidade de Ourense, asegurou que a través da unidade móvil, os voluntarios se desprazan cada dia a algúns lugares da provincia para ofrecer información e que os ourensáns 'aceptan ben os folletos e os conse-

llos, vemos que en principio levan a cabo as cousas e bo iso sempre é satisfactorio para un'.'

Para previr os efectos que provocan as altas temperaturas Cruz Vermella conta cun número de teléfono gratuito e a colocación de unidades móveis en distintos puntos da provincia de martes a xoves.

Desde Cruz Vermella manifestan que as principais recomendacións en xornadas con altas temperaturas como as que se viviron estes días na provincia de Ourense

centranse en non saír ás horas de máxima temperatura que son entre a unha e as seis da tarde e no caso de saír sempre levar encima algunha bebida como un zumo ou auga e beber moito para non deshidratarse. Así mesmo, nas vendas recomendase manter as persianas baixadas durante o dia e refrescar las durante as noites, ademais de saír con roupa frouxa, non facer esforzos e sempre protexerse do sol cun gorro ou un abanico, e tamén inxerir comidas lixeiras.

## NO MAR

Unha morta en Ribeira cando pescaba

## Perde a vida afogado un home de 70 anos na praia de Campelo

Un home de 70 anos faleceu onte ó mediodía na praia de Campelo, no municipio coruñés de Valdoviño, onde foi achado afogado, probablemente por mor dun problema cardíaco, informou a alcaldesa de Valdoviño, Isabel Álvarez. O suceso foi alertado pola Policia Local a Urgencias Sanitarias de Galicia ás 13.00 horas e, a pesar da mobilización dunha ambulancia medicalizada á zona, os efectivos sanitarios só puideron constatar o falecemento do anciano.

Segundo indicou onte a rexedora de Valdoviño, o home estaba na praia cos seus netos e, aínda que a última hora da tarde de onte se descoñecía a razón pola que penetrou na auga, houbo que rescatalo de forma "bastante rápida" moi preto da beira.

"Todo apunta inicialmente a que pudo haber un problema cardíaco", engadiu Álvarez, quien destacou a "rápida" actuación dos servizos médicos.

Doutra banda, unha muller de 42 anos faleceu en Espiñeiro, na parroquia de Corrubedo, en Ribeira (A Coruña), ao escorregar e caer ao mar cando estaba pescando co seu marido. Faleceu no instante en que unha onda a golpeou contra unha rocha, a pesar dos esforzos do seu marido, que se tirou ao mar para tratar de rescatala.

Así mesmo, a fin de semana pasada pereceu afogada unha veciña de Santa Comba de 54 anos no Area de Boca do Río (Carnota). • AXENCIAS

## ENCOROS

Reduciuase case un 3% na última semana

## A reserva de auga volve baixar e está xa no 69,47%

A reserva hidráulica reduciuse en Galicia respecto da semana anterior, de modo que a capacidade dos encoros galegos diminuiu nos últimos sete días nun 2,93% e situouse no 69,47%. Tamén se reduciu o nivel dos nove encoros de abastecemento, que se situán no 88,9%, un 2,6% menos que a semana pasada.

No conxunto de España, descendeu esta semana un 1,8% e atópase ao 52,1%. • E.P.